



# ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

**PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRACADA PARA EMBARCACIÓNS MENORES NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE BAIONA**

## ÍNDICE:

**CAPÍTULO I** DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRACADA.

## ANEXOS:

I - PREGOS DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS

II.- IDENTIFICACIÓN DAS PRAZAS DE ATRACADA OBXECTO DA CONVOCATORIA.

III – MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN.

IV – MODELO DE IMPRESO DE DOMICILIACIÓN BANCARIA

V – MEMORIA ORIENTATIVA DAS TARIFAS E PREZOS.



## **PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRACADA PARA EMBARCACIÓNS MENORES DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE BAIONA**

O obxecto da presente convocatoria pública de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións menores deportivas nas instalacións náutico deportivas do porto de Baiona é o de levar a cabo a ocupación de tódolos puntos de atracada de ditas instalacións mediante o outorgamento de autorizacións de atracada a unha persoa determinada, para unha embarcación específica nun amarre concreto.

### **CAPÍTULO I**

#### **DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRACADA**

##### **1.- PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRACADA.**

As autorizacións de atracada obxecto deste prego adxudicaránse mediante convocatoria pública, de conformidade co procedemento establecido neste Prego de Bases e no prego de condicións incluído no Anexo I.

##### **2.- TIPOS DE PRAZAS**

A identificación e situación das distintas prazas de amarre postas a disposición nesta convocatoria reflíctense no plano que se xunta como Anexo II deste prego de bases. Os tipos de prazas ofertados son os seguintes:

<b>Dimensións nominais das prazas de atracada (lonxitude x anchura)</b>	<b>Dimensións máximas das embarcacións (eslora x manga) medidas reais totais</b>
6,00 m x 2,50 m	6,00 m x 2,25 m
8,00 m x 3,25 m	8,00 m x 2,70 m

Portos de Galicia adxudicará as mesmas en función da mellor ordenación das prazas que considere para a maior operatividade do porto.



Portos de Galicia poderá, se así o estima conveniente, modificar as dimensións e emprazamento das prazas para adaptar a distribución das mesmas ó resultado da convocatoria. Asemade, se como resultado da convocatoria fose necesario ampliar ou reducir a oferta de prazas de amarre, redistribuír as existentes, reenumerar as mesmas ou variar a posición das existentes, poderá facelo de maneira xustificada, tendo dereito o solicitante que se vira afectado polas modificacións a renunciar á autorización de atracada adxudicada sen dereito a indemnización algunha.

### **3.- TARIFAS A SATISFACER POLOS ADXUDICATARIOS**

O adxudicatario deberá aboar a Tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo (Na actualidade a Tarifa X-5 das contempladas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. D.O.G. nº 240, do 11 de decembro de 2003).

Para o abono da tarifa X-5 considerarase que a embarcación ten base no porto, polo que en virtude da regra sétima da citada Lei 6/2003, esixírase ó autorizado o pago por semestres naturais adiantados da tarifa mediante domiciliación bancaria.

### **4.- PRAZO DAS AUTORIZACIÓNS**

As autorizacións de atracada adxudicaranse polo prazo indicado no prego de condicións incluído no Anexo I.

### **5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

**5.1.-** As persoas ou entidades que desexen solicitar as autorizacións de atracada obxecto deste prego deberán dirixir ó ente público Portos de Galicia unha solicitude conforme ó modelo que se incorpora a este prego como ANEXO III, acompañadas da documentación que se sinala a continuación. As solicitudes, acompañadas de dita documentación, presentaranse no Rexistro Xeral de Portos de Galicia, dirixidas ó Presidente do mesmo ou na forma indicada no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pero en todo caso deberá acreditarse a data e hora de presentación da solicitude.

A data de inicio do prazo de presentación de solicitudes indicárase no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, e Portos de Galicia resérvase o dereito de pechalo cando así o estime oportuno, rexendo en todo caso as condicións previstas nesta convocatoria e sen prexuízo das actualizacións dos prezos sinaladas no prego de condicións que rexe a mesma.

#### **5.2.- Documentación a presentar.**

Xunto coa solicitude asinada polo interesado, os solicitantes deberán presenta-la seguinte documentación:

1.- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante, consistente en:

- Se é persoa física: Copia do D.N.I., pasaporte ou Número de identificación de estranxeiros e N.I.F., segundo o caso.



- Se é persoa xurídica: escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, mediante a escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial. Neste caso, as persoas que asinen a solicitude en nome da persoa xurídica, aportarán copia de DNI e acreditarán a representación coa que actúan mediante poder bastantado ó efecto por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

2.- Copia compulsada do certificado de navegabilidade, con vixencia na data da solicitude.

3.- Orixinal ou copia compulsada da Certificación actualizada pola Capitanía Marítima da folla de asento do rexistro da embarcación que utilizará a praza solicitada (folla de rexistro e seguintes), na que figuren como mínimo os datos seguintes: nome da embarcación, matrícula, propietario e dimensións. (No caso de que estea en trámites de actualización deberá presentar o xustificante conforme se está tramitando dita actualización en Capitanía Marítima, debendo en todo caso presentar con posterioridade a certificación solicitada).

Para que a documentación se considere actualizada deberá estar certificada pola Capitanía Marítima cunha anterioridade máxima dun ano contado a partir da data de presentación desta. No suposto de que as dimensións reais da embarcación non coincidan coas recollidas na documentación antes citada, o solicitante deberá xuntar á solicitude unha declaración que recolla as dimensións reais máximas, entendendo como tales as medidas entre os puntos máis distantes da mesma, tanto en lonxitude como en anchura, aportando a documentación que o xustifique, reservándose o dereito Portos de Galicia de realizar as medicións cando o estime necesario, sendo, en todo caso, as taxas e gastos ocasionados por este motivo por conta do solicitante ou autorizado. A falsidade nestes datos dará lugar a desestimación da solicitude ou a extinción da autorización de atracada.

4.- As embarcacións de bandeira estranxeira deberán presentar unha declaración na que conste que non están obrigadas á matriculación definitiva en España conforme ó establecido na Lei 38/1992 de 28 de decembro reguladora dos Impostos Especiais (a cal establece que deberán ser obxecto de matriculación definitiva en España os medios de transporte novos ou usados, cando se destinen a ser empregados no territorio español por persoas ou entidades que sexan residentes en España ou que sexan titulares de establecementos situados en España), ou unha certificación do rexistro marítimo central ou territorial de buques ou mesmo da administración de Aduanas-AEAT, que acredite tales circunstancias.

5.- Copia compulsada do certificado que acredite o abono do seguro obrigatorio de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formalice a solicitude e indicación da data de vencemento do mesmo.

6.- O impreso de domiciliación bancaria, para o cobramento da Tarifa X-5, debidamente cuberto e selado por unha entidade bancaria con operatividade en España na que o solicitante sexa titular da conta bancaria onde desexe realizar os pagos. (Anexo IV do prego de condicións)

7.- Declaración relativa a titularidade de posto de amarre para a mesma embarcación en calquera dos portos e instalacións portuarias de titularidade da Xunta de Galicia. (incluída no punto III do impreso de solicitude).

### **5.3.- Solicitante.**

Deberá ser maior de idade, e ter un domicilio a efectos de notificación dentro do territorio español.

Os solicitantes que non dispoñan de embarcación coa respectiva documentación, non obterán unha autorización de atracada.



Se existiran varios cotitulares, presentará a solicitude aquel teña unha maior porcentaxe de participación na titularidade de embarcación, e en situación de igualdade, calquera deles.

En todo caso, a personalidade do solicitante deberá coincidir coa titularidade que figure na folla de asento da embarcación e coa titularidade do número de conta bancaria na que se domicilien os pagos.

Os solicitantes que a data de presentación da solicitude manteñan débedas con Portos de Galicia, non obterán autorizacións de atracada, sendo desestimada a solicitude presentada.

Os solicitantes discapacitados, cónxuxe, ou familiares do solicitante con relación de 1º grado de consanguinidade, con mobilidade reducida, poderán optar a amarres, dentro dos ofertados, que Portos de Galicia considere mellor adaptados a superar a discapacidade que posúan. Os solicitantes que desexen acollerse a esta cláusula, deberán acreditar a condición de persoa con mobilidade reducida mediante fotocopia compulsada da resolución da condición de minusvalía, máis un informe emitido polo organismo oficial correspondente relativo a redución de mobilidade con especificación, no seu caso, de prazo de revisión. No caso de discapacidade do cónxuxe ou familiar presentárase documentación acreditativa do grado de relación de parentesco.

O titular poderá designar a unha persoa ou entidade que na súa ausencia se faga responsable da embarcación, constando a conformidade deste último no documento correspondente. O representante deberá ser facilmente localizable e deberase poder facer cargo da embarcación cando Portos de Galicia o requira por razóns de explotación portuaria. En caso contrario e non sendo tampouco localizado o titular, Portos de Galicia representado polo persoal destinado no porto entenderase facultado para actuar ante calquera circunstancia, emerxencia ou acción inspectora na súa embarcación.

#### **5.4.- Embarcación**

A embarcación para a que se solicita a autorización deberá estar matriculada na lista 6ª ou 7ª do Rexistro Marítimo de Buques Español. En caso de embarcacións destinadas exclusivamente a competicións o armador deberá presentar a documentación que acredite tal circunstancia, a propiedade da embarcación e as características técnicas da embarcación.

A embarcación deberá levar pintado ou fixado en ambas amuras o indicativo completo de matrícula segundo a regulamentación da Dirección Xeral da Marina Mercante.

### **6.- SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS**

A orde de prioridade na selección e adxudicación das autorizacións de atracada solicitadas virá determinada:

1.-As solicitudes que están en lista de espera, que non teñan amarre de base para a embarcación solicitada en ningún porto dependente de Portos de Galicia durante a súa permanencia na lista de espera.

2.- Pola data e hora de presentación das correspondentes solicitudes. Se por calquera causa non se acredite a hora na solicitude polo organismo oficial correspondente, computarase como hora de entrada en rexistro as 14:00 h.

As solicitudes que non presenten toda a documentación esixida na base 5 non serán tidas en conta para a adxudicación das autorizacións. En caso de que se presenten solicitudes coa documentación incompleta, e esta se complete posteriormente, a data e hora que se considerará para a selección será a do rexistro da última documentación presentada.



Os solicitantes que non poidan obter unha autorización de atracada poderán acceder a unha lista de espera, das que se formará unha por cada categoría de prazas existentes no porto, para a adxudicación das prazas de atracada que poidan quedar posteriormente dispoñibles por calquera motivo.

## **7.- ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRACADA**

Á vista das solicitudes presentadas e dos criterios propios da axeitada explotación portuaria, Portos de Galicia adxudicará as correspondentes autorizacións de atracada, previos ós trámites que procedan. Asemade, no intre en que Portos de Galicia adxudique as autorizacións de atracada, procederase á liquidación con cargo en conta da taxa portuaria correspondente segundo o disposto na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **8.- POSTA A DISPOSICIÓN DAS PRAZAS.**

As prazas entregaranse no intre en que sexa adxudicada a autorización de atracada.

## **9.- LISTA DE ESPERA E CAMBIO DE EMBARCACIÓN**

En caso de que o número de solicitudes exceda ao número de amarres dispoñibles abrírase unha lista de espera por cada unha das distintas categorías de amarres das que dispoña a instalación. As solicitudes que se encontren nesta lista serán asignadas por rigoroso orden cronolóxico, segundo o disposto no apartado “*Selección dos adxudicatarios*” deste prego de bases, a medida que se dispoña de amarres libres.

Os titulares de solicitudes que se encontren en situación de lista de espera, e que pidan un cambio de embarcación en que as medidas da nova embarcación se adapten as dimensións da categoría da lista na que estaba a anterior embarcación, manterán o posto na lista de espera.

Os titulares de solicitudes que se encontren en situación de lista de espera, que pidan un cambio de embarcación que implique un cambio de categoría na que tampouco se dispoña de amarres libres, entrarán na lista de espera pertinente, na posición correspondente a data da solicitude de cambio de embarcación ou data de emendo de documentación.

As autorizacións de atracada outórganse a unha persoa determinada, para unha embarcación específica nun amarre concreto, por un período establecido, o que implica que calquera cambio destes datos invalida a autorización outorgada.

Os titulares de autorizacións de atracada que soliciten un cambio de embarcación en que as medidas da nova embarcación se adapten as dimensións da categoría adxudicada, manterán a mesma praza.

Os titulares de autorizacións de atracada que soliciten un cambio de embarcación que implique un cambio de categoría de praza deberán solicitar una nova autorización de atracada. Se non houbera amarres dispoñibles, procederase a incluír a solicitude na lista de espera correspondente, quedando extinguida a autorización vixente.

As solicitudes de cambio de embarcación deberán vir acompañadas pola mesma documentación referente a embarcación que se necesita para solicitar unha autorización de atracada, e deben cumprir as mesmas condicións.



As solicitudes de cambio de embarcación non serán efectivas ata a notificación por parte de Portos de Galicia da resolución aceptación do cambio.

A transmisión da propiedade da embarcación por unha porcentaxe superior ao cincuenta por cento sen substitución por outra será causa de resolución e extinción automática da autorización de atracada adxudicada.

Dado que a autorización de atracada se da para persoa determinada, para unha embarcación específica e nun amarre concreto; os cambios de titularidade non están permitidos, coa excepción de aqueles xustificadas por motivos de causa maior.

## **10.- RESOLUCIÓN**

O prazo máximo para ditar e notificar resolución será de seis meses, a contar dende o día seguinte ao da presentación da solicitude. Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución e practicase notificación expresa da solicitude, entenderase desestimada, aos efectos do establecido no artigo 44.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo da Administración de resolver expresamente.

## **11.- DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

As embarcacións que a data de entrada en vigor destes pregos de bases viñeran disfrutando dunha autorización de atracada, suxeitaranse ao disposto neste novo prego de bases, agás no referente as dimensións da embarcación efectivamente autorizada.

No caso de producirse un cambio de embarcación as características da nova embarcación deberán adecuarse as condicións deste novo prego de bases.

## **A XEFA DA ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN**

Ana Isabel Calzadilla Bouzón